

Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza

Francisco Rodríguez Sánchez

-Doutor en Filoloxía Románica-

O silencio oficial e a promoción da desmemoria sobre os fitos culturais, artísticos, literarios, do propio país, Galiza, son apostas caviladas. Perseguen a desaparición, por vía de marxinação, da cultura nacional como expresión da vontade de existirmos como pobo, como nación. A anulación ou a desmemoria aplícase tamén no caso de figuras eminentemente intelectuais, que apenas rozaron a práctica directamente política desde 1939. Abonda con que fosen fieis aos principios ideolóxicos que sustentan a cultura galega. Non se lles perdoa esta fidelidade a unha concepción cultural e lingüística, a unha perspectiva da historia e do futuro de Galiza, antagónicos co deseño destrutivo da españolización. Aquí, entre nós, a coherencia ideolóxica verbo da idea de Galiza existir como nación distinta, con lingua e cultura de seu, lese en clave exclusivamente política. Non sería grave, se se asumise a lexitimidade ou a necesidade da ideoloxía nacionalista nun país nas condicións do noso. Mais o problema está en que non é así. Todo o hexemónico e dominante vai dirixido contra ela, por expresar unha mudanza que atinxe o cerne da construción do Estado e da idea de España. A posibilidade dunha Galiza consciente de si mesma, digna, choca de fronte coa mitoloxía, a construción histórica e os valores que sustentan a idea de España como única nación.

Nestes momentos prodúcese, máis do que nunca, o paradoxo dun goberno de Galiza, xustificado en parte en nome dunha realidade cultural e lingüística propias, estar fundamentalmente empeñado en desprezar, marxinar, esquecer, e mesmo atacar os nosos valores xenuínos, os xurdidos e vinculados ao desenvolvemento histórico da nosa cultura. Os 125 anos da morte de Rosalía, cumpridos en 2010, foron ben significativos. A Xunta e os organismos ou institucións culturais da autonomía vivíronos con total indiferenza. Falamos nada menos do máis grande dos nosos clásicos, fundacional da nosa literatura contemporánea e sen dúbida un dos mellores poetas europeos contemporáneos. Se se actúa así cun clásico, dabondo adulterado por lecturas reducionistas, comprenderemos canto é o desexo de ignorar, evaporar todo o

que ula a galego. Hai que guindalo na gabia, arrombalo no faiado para se balorecer como antigalla.

Con esta política cultural cabe esperar outra posición do mundo oficial verbo da figura e da obra de Carvalho Calero, morto en 1990? De nada vale que o profesor, crítico literario, sociolingüista, historiador da literatura, autor teatral, poeta e narrador, teña unha traxectoria marcadamente literaria, que o exercicio directo da política se limitase á súa xuventude, e mesmo fose colateral nel, de circunstancias. Menos pode aínda que, vítima do alzamento militar fascista, sufrise presidio durante dous anos e pasase un *via crucis* laboral e social até o tardofranquismo, cando puido ingresar no ensino medio oficial (1965) e acceder por oposición, á primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galegas da Universidade de Santiago (1972). A represión, o exilio e o ostracismo interiores, sufridos por Carvalho Calero, nun réxime de violencia e negación dos dereitos democráticos máis elementais, múdanse en silencio e desconsideración oficiais, desde 1980 e especialmente após a súa morte, marzo de 1990, nun contexto pretensamente democrático e autonómico. Pódese entender? Pódese, mais só se admitimos, como criterio oficial, unha total carencia de respecto polo pluralismo ideolóxico e científico e unha fobia alarmante contra algo consubstancial á existencia de Galiza: ser un pobo con lingua e cultura propias, merecentes dun desenvolvemento normal, como expresión dunha vontade colectiva autónoma, independente, prioritaria na atención dos seus gobernantes. Efectivamente, pouca atención poden prestar autoridades antigalegas á confesión de Carvalho cando consideraba a súa auténtica personalidade e vocación aquela que se expresaba na súa creación literaria a na súa investigación científica, alén das continxencias e dos avatares históricos por que pasou:

En todo caso, a cobiza de poder ou a de medre económico non foron nunca en min forzas determinantes, capaces de torcer a miña autenticidade, que é a da criazón literaria e a investigazón científica. Unha continuada atenzón á vida política desde un punto de vista activo, unha exercitazón sistemática do *ius honorum* –non do *ius suffragii*, que exercito cando é necesario exercitá-lo– caen por iso mui fóra da miña natureza espontánea (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 200).

Esta confesión facíaa tendo presente, non sen certa ironía ou escepticismo soterrados, que outros intelectuais con dedicación política (na cultura galega, un fenómeno frecuente e lóxico, por circunstancias do contexto) debían de ser «seres extraordinariamente duplos ou, se cadra, homes intelixentes que se equivocaron a respeito da súa verdadeira vocazón» (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 200). En último extremo, podíamos estar perante «xenios omnipresentes en todas as actividades

da realidade» (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 200). Carvalho non negaba a súa condición de intelectual comprometido con estas consideracións. Mostraba, en todo caso, sorpresa, pasmo ou mesmo certa incredulidade perante a persoa capaz de desenvolver actividades tan diversas como a artística, literaria ou científica e a política, fenómeno nada anormal especialmente nos contextos coloniais. Porén, cabe que nos fagamos a seguinte pregunta: o que chama Carvalho a súa autenticidade á altura de 1986, a creación literaria e a investigación científica, teríase desenvolvido de igual maneira, coa mesma intensidade e na mesma orientación, de continuaren as condicións da vida democrática da República? O seu compromiso ideolóxico, a súa identificación nacionalista, non o terían conducido inevitabelmente a unha participación e activismo políticos de suficiente intensidade, premido a exercitar sistematicamente o que el denomina *ius honorum*? Non negamos a sinceridade da súa preferencia pola actividade artística, literaria e científica, tendo en conta o seu carácter, o seu interese vocacional. Mais cabe sospeitar que esta preferencia non se tería asumido con tal exclusividade e preponderancia de non ser polas circunstancias tan adversas que choeron toda posibilidade, no seu caso, de continuar cunha participación política activa, como a da súa mocidade durante toda a etapa republicana. Sen desmentir as preferencias da súa natureza espontánea, como el a denomina, hai algo, na súa visión retrospectiva, de readaptación do seu pasado ao seu activismo posíbel, a literatura e a ciencia, durante toda a madurez, mantendo a fidelidade ao seu pensar e sentir nacionalista sempre. As conviccións da etapa final da súa vida son inseparábeis e coherentes coas da etapa inicial e as experiencias vividas. Puido Carvalho optar con certa liberdade á súa vocación preferente, a docencia, a creación artística e a investigación. Coincidía esta opción coa que era tamén posíbel para un home con responsabilidades familiares, nun contexto político ditatorial no que as liberdades políticas non existían e a ideoloxía nacionalista era unha das bichas a exterminar pola *madre patria España*.

Quen era Carvalho Calero, do punto de vista xeracional? Pertencía á xeración que el mesmo denominou como escritores ligados ao Seminario de Estudos Galegos (Carballo 1975: 735-736). Chegou a ser secretario xeral desta institución non oficial, en que participou activamente, entre 1927 e 1933, na sección de estudos xurídicos, sociais e literarios. Formaba parte da xeración de mozos como Bouza Brei, Álvaro Cunqueiro, Filgueira Valverde, Lois Tobío, Luis Seoane, Emilio Pita, Fernández del Riego, Martínez López... Todos eles universitarios en Compostela que sentían a necesidade de compensar a españolidade do academicismo oficial co coñecemento da realidade viva da Galiza en todos os aspectos: historia, literatura, arte, xeografía,

arqueoloxía, xeoloxía, bioloxía... Son os netos da Xeración Nós (Castelao, Risco, Otero, Cuevillas...). Constitúen, pois, a terceira xeración dentro desa etapa de grande eclosión da cultura galega, entre 1914 e 1936, o seu segundo grande renacemento. Consideraban os homes de Nós os seus mestres, reverenciábanos en contraste cos novecentistas (Manuel Antonio, Amado Carballo, Rafael Dieste...), a segunda xeración, máis distanciada, indiferente e crítica con eles, como o propio Carvalho Calero constata (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 61). Aproveitemos a ocasión para desmentir, ou polo menos relativizar, en contra da opinión historiográfica dominante na Galiza, sen dúbida intencionada, a tese de ser o libro de Vicente Risco, *Teoría do nacionalismo galego* (Ourense, 1920), o que fundamentou ou puxo as bases do nacionalismo galego. De ser certo, estaríamos perante o primeiro caso de distorsión semellante entre uns postulados teóricos e as análises ideolóxicas e posicionamentos prácticos na concreción política real, *ab initio* xa. Mais a experiencia do propio Carvalho xa nos dá algunha pista a este respecto, que contradí a versión dominante. El é moi explícito negando a influencia da ideoloxía risquiana no seu caso. Ao ser interrogado sobre o que significou para el a lectura do libro de Risco, a resposta é moi significativa, malia se reduza ao estritamente persoal:

Pois significou pouco. E significou pouco porque a lectura deste libro foi para min bastante serodia. A miña preocupación era fundamentalmente artística e cultural, e destes homes de Nós a min impresionavan-me mais os que cultivavam a literatura pura, a literatura de criazón, a literatura poética, que os que cultivaban a literatura doutrinal (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 58-59).

Mais a admiración e preferencia de Carvalho por Castelao e Otero sustentábase seguramente non só nunha concepción da literatura e nunha práctica da oratoria («tersa e diáfana» no caso de Castelao; ou «fervenza de imaxes poéticas improvisadas», no caso de Otero, segundo el (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 59), senón tamén na personalidade e na concepción de Galiza destes mestres, lonxe de todo esoterismo e irracionalismo, nada diletantes. Non zumegaban un substrato ideolóxico incoherente coas necesidades materiais das clases populares e co desenvolvemento pleno dunha cultura nacional galega. Alentaba neles un nacionalismo que non era unha construción dun intelectual elitista, cheo de animadversión ás masas. Por outra parte, parece que parte das mocidades do que vai ser o Partido Galeguista, nomeadamente Carvalho Calero, tiñan xa naquela altura un coñecemento máis preciso e rigoroso do marxismo e das súas manifestacións políticas prácticas. Contemplaban a posibilidade dun cambio revolucionario e, sobre todo, de réxime político, como algo tanxíbel. Comprometéronse, pois, na axitación contra a ditadura, e celebraron a chegada da República. Cando menos, identificábanse coa ne-

cesaria mudanza do capitalismo nunha dirección social fronte á versión puramente liberal. Cando se formou o Partido Galeguista (decembro, 1931), desde logo, as pegadas da *Teoría do nacionalismo* de Risco son tan residuais no programa e nas alternativas fronte a problemas concretos, que resulta imposible, agás na crenza de que Galiza é unha nación, detectar concomitancias ou establecer dependencias co esqueleto doutrinario dese libro. A evolución posterior de Risco, que, segundo Carvalho, efectivamente non se pode considerar unha traizón, parece indicar perspectivas moi diferentes do mundo. Tanto é así que foi a xeración de Carvalho, tamén figura senlleira neste aspecto, a que viu tronzadas as súas expectativas vitais, humanas e políticas, xusto no momento en que iniciaba a súa andaina profesional, polo alzamento militar fascista e a guerra civil. Se algúns, por exemplo, como o propio Carvalho, foron os primeiros avogados da República, foron tamén os profesionais máis novos represaliados polo franquismo. Porén, entón xa había varios anos, que Vicente Risco nadaba noutras augas que non eran as do nacionalismo galego.

Aliás, vexamos como se posicionou Carvalho Calero, do punto de vista ideolóxico-político, durante a mocidade, fins da ditadura e os nove anos que durou a República. Non cabe dúbida de que o mozo ferrolán, de sólida formación e con simpatías polo socialismo marxista, estaba moi condicionado por un ambiente social como o da súa cidade natal, de claro contraste entre o mundo militar e o da clase obreira. Podemos constatar estas simpatías no seu discurso lido no Centro Obreiro de Cultura, *En torno a las ideas comunistas de Platón*, o día 13 de xullo de 1929, cando tiña dezaioito anos, ao que dediquei a miña atención no número especial que *A Nosa Terra* lle dedicou, baixo o título *A razón da esperanza*, en 1991. Sabemos que o presidente do Centro gabou, na presentación do conferenciante, que non seguise a carreira militar, a que parecía estar destinado en principio. No seu caso, afortunadamente, non fora «Minerva» vencida por «Marte». Os dirixentes socialistas ferroláns (Martínez Usero, Manuel Fernández, Xaime Quintanilla –fundador das Irmandades da Fala) amparaban e cortexaban mozo tan prometedor. Xa se tiña producido entón a excisión do socialismo marxista na III Internacional, entre a corrente socialdemócrata e a «comunista». No Estado español correra por conta das Xuventudes Socialistas (1921). O mozo Carvalho escribe por estes anos numerosos artigos para *El Correo Gallego*, naturalmente en español. Alén das súas características psicolóxicas persoais, é un mozo cunha formación similar á de Santiago Montero Díaz, que tería unha evolución contraditoria fóra da cultura galega.

Carvalho só se afiliou ao Partido Galeguista, do que foi cofundador con 21 anos, en 1931. A este respecto foi sempre claro: o nacionalismo é a expresión do que, fundamentalmente, necesita Galiza para mudar colectivamente, pasando a ser un pobo libre, consciente de si, única forma de poder acceder como tal á xustiza social:

Eu asistin, efectivamente, á reunión que se verificou en Pontevedra en Decembro de 1931 e na que se constituiu o Partido Galeguista, único partido ao que pertencin en toda a miña vida [...].

Claro que eran momentos de euforía e de esperanza. Aquel momento, o momento da proclamazón da República, en España, era un momento mui interesante na vida do país. Havia unha grande esperanza de refazer as estruturas políticas, sociais, culturais e morais do Estado e criar unha España mellor na que, por suposto, os países que hoxe son chamados oficialmente «nacionalidades» desenvolvesen livremente a súa personalidade. Todos estávamos mui ilusionados, un pouco inxenuamente (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 75-76).

Como se ve, a participación de Carvalho Calero en política non foi marxinal. Tanto é así que el, xunto con Luís Tobío, foi o encargado de redixir o Anteproxecto de Estatuto de Galiza do Seminario de Estudos Galegos, en 1932. Respondendo a unha perspectiva nacionalista e política da autonomía, o texto avoga por un modelo de Estado federal. Galiza sería un Estado libre dentro da República federal española. Primeiro se constituiría o Estado libre, como paso previo ao pacto posterior do que debería xurdir a Constitución republicana. Propúñase un proceso radicalmente oposto ao que se seguiu entón e ao que se seguiu máis tarde, no momento de establecer a estrutura do Estado. A autonomía foi unha concesión do centro, desde a subordinación, non un acordo entre iguais. Neste ambiente do Seminario e da autorganización do nacionalismo, Carvalho comezou a inclinarse progresivamente ao uso preferente do galego, como escritor e poeta. De 1931 é o seu significativo poemario *Vieiros*, do que ten interese extraer o expresivo poema, «Evocazón da infancia perdida», pois dá conta moi precisa da personalidade dun neno avellado prematuramente:

En qué curruncho do tempo
está soterrado o cadavre da miña infanza?

Da choiva rexudideira da lembranza
deféndeno un teito de teas de araña:
a tea de araña do esquecemento,
a tea de araña da lonxanía,
a tea de araña do sofrimento;
triple teito impermeable e rexo.
Eu, neno, matéi a miña infanza
co coitelo da miña gravidade.

No reloxe adiantado da miña vida
 a agulla da miña vontade
 sinalaba a hora do froito serodio
 cando era a hora do capulo afroante;
 sinalaba a hora da colleita
 cando inda non era
 a hora da sema;
 sinalaba a hora do roxo amor
 cando era a hora do branco xogar,
 a ateigado cedo da cencia da dôr
 o meu reiseñor
 púxose a cantar
 inda antes de adprendere a voar.
 Cando era a hora de vivir
 foi pra min a hora de coidar.
 Cómo voltar as agullas do tempo
 a marcar no reloxe da miña vida
 a hora da i-alba?
 Cómo voltar a corrente do río
 pol-o quenlle enriba?
 Cómo voltala?
 Eu atinguín uns ollos inxeles
 e un corazón valeiro de treboadas.
 Encheno a espranza
 como unha auga crara:
 un corazón de neno, de cristal e de prata.
 Uns ollos rebuldeiros
 que inda non refreixaron ningunha imaxe maa.
 En qué curruncho do tempo
 está soterrado o cadavre da miña infanza?
 Na biqueira de qué camiño cego?
 Quero pòrlos, pra ver si rexurde.
 A ese curruncho do tempo
 vaise por unha esquecida estrada:
 a estrada do relembro.
 Mais a entrada de esa estrada está pechada,
 pechada por un muro de teas de araña:
 a tea de araña do esquecemento,
 a tea de araña da lonxanía,
 a tea de araña do sofrimento:
 triple muro indestrutibre e rexo
 (Carvalho Calero 1931: 49-50)

Non é de estrañar que o peso das circunstancias e as opción vitais, a súa autorresponsabilidade, o condicionasen desde moi novo. Así, entre 1933 e 1936, centra o

seu empeño en gañar o pan e lograr a estabilidade económica e sentimental, nun medido equilibrio entre o necesario e o ideal. Gaña por oposición unha praza de auxiliar administrativo no concello de Ferrol e casa con Ignacia Ramos. Cursa por libre a carreira de Filosofía e Letras, a súa verdadeira vocación, se ben a súa anterior formación xurídica, como licenciado en dereito, aproveitouna nos seus labores do Seminario. Xa casado, instalado en Ferrol, traballando no concello, desempeñou o cargo de presidente da agrupación do PG na cidade. Como tal, participou e tomou postura clara e decidida nos debates que, durante 1934, se produciron no seo do partido para a súa IV Asemblea, que debía decidir sobre a política de alianzas, nun contexto conflitivo socialmente e involutivo politicamente: o bienio negro, o goberno das forzas da dereita. O PG tiña como obxectivo central conseguir un Estatuto de Autonomía para Galiza conforme o ordenamento constitucional vixente.

Carvalho non dubidou sobre a necesidade de procurar a alianza coa esquerda estatal en nome de conseguir o obxectivo devandito. Nun clarividente artigo, intitulado «Xa somos esquerda» (*A Nosa Terra* [10/02/1934]), así se manifestaba. A menor hostilidade da esquerda co obxectivo da autonomía de Galiza e a maior proximidade do nacionalismo en cuestións sociais, económicas e de dereitos civís aconsellábano. Nestas materias non había dereitas no seo do galeguismo, argumentaba. Era moi consciente de que, malia o carácter ideoloxicamente diverso do nacionalismo de entón, como tamén o é o de hoxe, en certa maneira, obxectivamente o Partido Galeguista era de esquerdas polo contido económico e social do seu programa e por ser beneficioso para as clases populares de Galiza o autogoberno. Son moi interesantes as observacións de Carvalho sobre a dialéctica esquerda-dereita no seo do Partido Galeguista, porque axudan a unha análise matizada e pouco estereotipada da cuestión. Concretamente, recorre aos casos de Alexandre Bóveda e Filgueira Valverde, dous homes católicos, os dous igualmente radicais no seu nacionalismo, convencionalmente catalogábeis dentro dunha dereita liberal, contrarios ambos á alianza coa esquerda española, para ilustrar sobre a composición ideolóxica interna do Partido Galeguista. Porén, o comportamento e a evolución foi totalmente antagónica a partir do momento en que se optou pola alianza coa esquerda estatal. Fáinolo ver de forma expeditiva, material coas seguintes palabras:

Bóveda está morto, Filgueira está vivo. O que vai dun morto a un vivo é mui grande. É unha distancia mui enorme, e neste sentido están completamente separados. Pero en realidade constitui un erro de perspectiva a crenza de que naquela época Alexandre Bóveda e Filgueira Valverde fosen mui dispares politicamente (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 77).

É moi posíbel. Acontece que, moitas veces, hai que esperar as continxencias prácticas para comprobar a coherencia de determinadas concepcións ideolóxicas, neste caso, as nacionalistas. A aparente coincidencia na xustificación argumental do nacionalismo non quere dicir forzosamente coincidencia na forma de acreditar nel, na sinceridade do sentimento que o sustenta nin na radicalidade da vivencia que o alimenta, por non falarmos dos matices interpretativos de grande transcendencia práctica. A primeira radical diferenza estivo na aceptación da decisión democrática do Partido por parte de Bóveda. En segundo lugar, está a subordinación, no seu caso, de cuestións ideolóxico-morais á consecución do obxectivo táctico programático do nacionalismo: a autonomía. A consecución do Estatuto estaba por enriba doutras confrontacións políticas que tiñan motivacións relixiosas ou morais. Non foi así no caso de Filgueira Valverde, seguramente máis diletante e esteticista na súa concepción nacionalista. A súa posición está claro a onde conducía: ao colaboracionismo co fascismo español. Carvalho Calero, como traballador que era e que se sentía, sustentaba o seu nacionalismo na coincidencia entre autogoberno, dignidade nacional, verdadeira democracia e progreso económico e social, unha unidade coherente no caso galego. Nos últimos anos gustaba, analizando o movemento nacionalista galego da súa mocidade e o actual, de sinalar o contraste entre o vizoso e forte sindicalismo nacionalista dos nosos días co inexistente daquela, como podemos comprobar nunha luminosa entrevista que lle fixo Salinas Portugal en 1988, aproveitada polo vídeo d'A Nosa Terra & AS-PG, de 1991, *Carvalho Calero, a posibilidade de rectificar a historia*, empregando palabras literais súas. El vírase obrigado a afiliarse, como traballador do concello, ao Sindicato de Oficios Varios da UGT, pois non había opción nacionalista. As súas colaboracións na revista *Universitarios*, que dirixía Fernández del Riego, ou en *Ser*, que dirixía Suárez Picallo, dan unha idea de cais eran as coordenadas ideolóxicas de Carvalho como mozo militante do PG, intelectual, traballador, nacionalista inevitabelmente, por selo con coherencia práctica, de esquerdas.

Na incipiente andaina de Carvalho como nacionalista organizado, temos o intelectual comprometido co seu país e o militante que asume os retos que o Partido lle asigna. Que significou para el o alzamento militar franquista e o desenlace da guerra? Truncáronse moitos proxectos vitais e profesionais de súpeto e representou a fin da militancia política organizada. De nada valeu que gañase as oposicións en Madrid, onde o colleu a sublevación militar, a profesor de Instituto encargado de curso de Lingua e Literatura. Pasou cinco anos sen ver a súa muller e sen coñecer a súa primeira filla nada en Ferrol precisamente en xullo do 36, pois formou parte do

exército republicano até 1939. Fixérono oficial co grao de tenente e, pola súa formación xurídica, tivo que desempeñar o papel de avogado en varios consellos de guerra. Participou na defensa de Madrid, Valencia e Andalucía. Derrotada a República, foi condenado a doce anos e un día de prisión maior por «separatista». Cumpriu dous anos na prisión de Jaén por serlle conmutado o resto da pena grazas á redención por traballos, pasando a fins de 1941 a liberdade vixiada. Regresou a Ferrol onde permaneceu até 1950, vivindo un *via crucis* laboral nas academias privadas, pois non podía acceder ao ensino público nin asinar actas con validez oficial. Para máis *inri*, como funcionario do concello de Ferrol, abríraselle un expediente de expulsión do corpo por estar «fuxido». Estas experiencias, os anos de exilio interior e marxinación na Galiza incidiron nos trazos do seu carácter individualista, na súa tendencia a traballar con perseveranza e modestia, sen recoñecemento oficial, permitíndose só, moi de cando en vez, unha sutil ironía ou unha chisca de retranca. A súa resistencia callou nun maior ensimesmamento, coa actividade literaria en galego renovada en atmosfera hostil e o desempeño do labor docente de forma extraoficial, sen abandonalo o soño de que algún día podería mudar a situación. Traballou así no presente, resistindo, coa esperanza dun futuro distinto, cunha fidelidade plena ao seu ideario, en soliloquio permanente, e asumindo que era para a acción política un «militante queimado»:

As xentes que vivíamos en liberdade condicional estávamos realmente nunha situación que se pode considerar como a dun militante queimado nunha actividade anterior e, polo tanto, a dirección da resistencia anti-franquista encomendava-se a poersoas que dentro do posíbel non estivesen marcadas pola súa conduta anterior (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 102).

No aspecto laboral, resultan ilustrativas estas súas palabras explicativas da situación discriminatoria que soportou durante anos:

Eu nos colexios tiña unha actividade docente que non estaba legalizada, porque durante muito tempo non puđen reatar a miña colexiazón no Coléxio de Licenciados e Doutores, que era indispensábel para firmar as actas, de maneira que durante bastantes anos traballei, pero sen que este traballo tivese unha proxección oficial. Pasados bastantes anos, conseguin que me readmitisen no Coléxio de Licenciados, e a miña situación mellorou un tanto, no sentido en que xa podía firmar actas e aprovar ou suspender. Xa podía tamén reclamar o trato laboral, polo que se refere ao soldo, que a lei indicava, mentres que con anterioridade estaba inteiramente a mercede da gratificación que quixera dar-me o director do centro, que non dispuña da miña firma, senón meramente do meu traballo (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 102).

O soliloquio, no traballo literario, levouno a escribir a primeira novela galega de posguerra, *A xente da Barreira*, galardoada en 1950 no concurso da Editorial de los Bibiófilos Gallegos. Produciu obra dramática que, por razóns obvias, non se podía levar á escena. Como era capaz, en circunstancias tan adversas, de empeñarse nunha actividade literaria de tal calibre e tan claramente orientada? Carvalho explica o por dous feitos: para el, como para outros moitos escritores, «a literatura, a criazón literaria, mais que comunicazón co próximo, é comunicazón comigo mesmo» (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 109); por outra parte, ademais, o que resulta moito máis revelador aos efectos que estamos a tratar, confésanos:

...o escritor daquela época, formado como eu me formei, de ningunha maneira dava por definitiva a situación que entón reinava, de xeito que tamén hai que considerar que alentava en nós a esperanza doutro tempo futuro en que a literatura galega recuperase a plenitude que xa iniciara con anterioridade á guerra, e que superase incluso aquela situación, de modo que había que imaxinar un tempo futuro en que existise un teatro galego pleno con obras representadas –certamente, ese futuro non se realizou aínda–, e había que traballar con vistas a él (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 109-110).

Dúas razóns, pois, o **soliloquio**, o escritor que se desdobra en realizador e espectador da propia obra, e a **esperanza** dun futuro no que, neste caso, o teatro galego fose unha realidade social, segundo as súas propias palabras (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 110). Nós diríamos: resistir traballando, contra toda desesperanza. Así foi Carvalho afirmándose na súa fidelidade ao país, conformando a súa personalidade, restaurando o seu espazo social, elixindo amizades, cunha vida ascética, sen desbotar a aspiración á docencia oficial e universitaria, e reivindicando, co compromiso intelectual da súa escrita literaria e científica, o dereito da cultura galega a un desenvolvemento normal. Desde 1951 puido desenvolver un labor docente máis compensador, grazas ao amparo dun representante da burguesía galega que puido ser, Antonio Fernández López, desempeñando a función de director nun colexio privado, o Fingoi, de Lugo, de clara orientación pedagóxica renovadora. Participou intelectualmente na fundación e desenvolvemento da Editorial Galaxia (1950), malia as súas condicións económicas lle impediren ser accionista de referencia. Andando o tempo, o seu carácter independente, a súa fidelidade ao ideario nacionalista, as súas posicións intelectuais, fórono afastando, sen espaventos, con naturalidade, dun grupo con que a cada paso discrepaba máis no ideolóxico, na concepción lingüística e cultural e nas escollas de política práctica. Entre os galeguistas vivos, que formaban parte do grupo, mantivo e reforzou a súa identificación e amizade con Otero Pedraio, non só por admiración artística senón, precisamente, polo espírito patriótico do ourensán e a súa fidelidade á tradición política do Partido Galeguista. Foi da súa man, como Car-

valho entrou na Real Academia Galega en 1958. En 1965 accedeu, como agregado de Lingua Española e Literatura, á docencia oficial no Instituto Rosalía de Castro de Compostela, após pasar, co número un, unhas probas convocadas en Madrid consideradas continuación das interrompidas pola guerra na República, e comezou a impartir docencia universitaria de Lingua e Literatura Galega na Facultade de Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, chamado polo decano Abelardo Moralejo Laso, que fora o seu profesor nos anos da República. Con intensa emoción viu cumprirse en 1972 a súa aspiración de titular da Universidade de Santiago, ao gañar por oposición a primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galega, que desempeñou até a súa xubilación en 1980. Era o home máis cualificado con que contaba o galeguismo cultural, o grupo Galaxia, e por suposto a sociedade galega, para ocupar este posto, alén de non lle seren hostís pezas decisivas da Facultade de Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, como os profesores Moralejo Laso e Moreno Báez, que formaron parte do Tribunal, xuntamente con Alonso Zamora Vicente e Emilio Alarcos Llorach, actuando como presidente, Filgueira Valverde. Vexamos como valoraba o logro tardío desta aspiración da mocidade:

O certo é que fixen as oposicións. E recordo moi ben que cando estaba realizando o último, o derradeiro exercicio, tiven a sensazón de que, efectivamente, ia ser profesor universitário, ia ser catedrático de Universidade, e iso causou-me a única emozón que experimentei durante o desenrolo dos correspondentes exercicios. Si, atopava-me no local do Consello Superior de Investigazóns Científicas, na Rúa de Medinaceli, facendo o meu derradeiro exercicio, e entón, xa superadas as cautelas, as prudencias, os escepticismos, as desconfianzas que sempre me caracterizaron fronte a min mesmo, vin que ia ser catedrático da Universidade de Santiago e isto si me produciu durante certo tempo unha forte emozón, porque via realizado, aínda que moi serodidamente, o destino que os meus mestres dos vintetantos anos davan como natural para min (Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 185-186).

Non deixa de ser ilustrativo que fose coa chegada da democracia e a instauración do marco autonómico, que as diferenzas de Carvalho co grupo Galaxia comezasen a detectarse externamente e a facérense máis agudas. A manifestación externa podíase comprobar no seu afastamento da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, na hostilidade contra el do núcleo duro e controlador da Facultade de Filoloxía, articulado arredor do Instituto da Lingua Galega (1971), sintomaticamente fundado no momento do acceso de Carvalho á cátedra de Lingüística e Literatura Galega e da aparición das Normas Ortográficas da Academia Galega, elaboradas case na súa totalidade por el. Parece como se se estivesen a preparar as armas non só para actuar entón xa desde unha perspectiva contraria á da tradición lingüística e cultural

nacionalista, senón tamén para xogar nun futuro como instrumento máis lexitimado polo poder, pola oficialidade. Sería interesante estudar como foron converxendo os homes e os deseños de Galaxia, en xeral o grupo piñeirista, grande parte do galeguismo culturalista, cos homes e os deseños do Instituto da Lingua Galega, de forma acelerada, fenómeno moi evidente desde 1979-1980. Carvalho movíase, cada vez máis abertamente, na tradición histórica do nacionalismo, actualizándoa, en temas como o do futuro da lingua e a cultura galegas, a desexábel estrutura institucional do Estado, a concepción da democracia... Mais a tradición nacionalista, actualizada, resultaba unha besta negra para os denominados galeguistas que optaron por unha integración no bipartidismo estatal AP-PSOE, caracterizándose tamén por un anticomunismo visceral, e non precisamente polas dependencias de internacionais... Malia mantérense nun plano puramente intelectual, os postulados e as opinións de homes como Carvalho Calero ou Lois Tobío, de fidelidade ao ideario nacionalista, non eran funcionais nin acompañadas para lexitimar a formación do conglomerado institucional-cultural autonómico, orientado non a dotar de normalidade plena a nosa lingua e a nosa cultura, senón só a acomodalala de forma subsidiaria aos novos tempos democráticos. Carvalho, que sempre fora observado con reticencias, deixou de ser dos seus, unha vez que o soliloquio independente xa non podía ser tolerado e se urxía ao colaboracionismo práctico cunha operación política pública. Esta operación concreouse após o manifesto de «Realidade Galega», cunha alternativa práctica: a integración en 1981 de «galeguistas máis ou menos históricos» nos partidos de ámbito estatal. Así foi xulgada polo noso profesor:

En canto á intelixencia electoral entre un grupo de galeguistas e diversos partidos de ámbito estatal, isto supuxo, ao meu ver, unha decisión política inspirada na crenza de que o nacionalismo tradicional fracasara e devía ser revisado, substituindo-o por unha impregnación de rexionalismo en todas as forzas políticas, aínda de obediencia central, que se movían no país (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 229).

Sen algunha premeditación, Carvalho Calero, polo papel obxectivo da súa concepción lingüística, cultural e ideolóxica, acabou simbolizando, para o novo marco autonómico español na Galiza, unha molesta disidencia. O *holding* cultural galego oficial considerouno elemento a marxinar, xa que non se podía contar coas súas beizóns. A disidencia era, porén, fidelidade xustamente á tradición lingüística científica e aos postulados do galeguismo histórico. Efectivamente, como máxima autoridade académica, foi chamado en 1979 polo Conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galiza, Alexandrino Fernández Barreiro, para presidir a Comisión Lingüística que debía establecer as formas do galego de uso oficial. As normas resultantes eran as apropiadas para aquel momento histórico, optándose con prudencia, máis

con claridade, por un camiño de descastelanización do galego, restaurando formas orixinarias e reintegrándoo no seu espazo lingüístico natural, o galego-portugués. Estas normas ortográficas de 1979, malia o seu espírito de concordia e os prudentes prazos que contemplaba, na súa redacción final, para aplicar solucións coherentes cos principios dos que partía, foron axiña substituídas por outras dogmáticas, excluentes, e naturalmente castelanizantes en 1982, redixidas polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Consumábase a confluencia e simbiose plena entre un certo galeguismo culturalista, de marcada tendencia antinacionalista, coas institucións oficiais culturais creadas pola autonomía ou dela e do Estado central dependentes, como a Universidade, Facultade de Filoloxía. Algún día, sen ira pero sen tabús, alguén debería estudar e explicar cais foron os mecanismos e as relacións políticas que deseñaron a estratexia seguida e os obxectivos perseguidos coa creación do ILG. Pola miña parte, debo expresar que me resulta difícil de comprender como pode presidir unha Institución de estudo e planificación dunha lingua, o galego, alguén que non é capaz de falala, como Constantino García. Ferinte e máis rechamante resulta aínda que representase o máximo poder fáctico na materia, sen ningún aval, a non ser o político dominante, mentres se condenaba no seu propio país ao ostracismo á máxima autoridade académica, Carvalho Calero.

É agora o momento de que sexa el mesmo quen nos forneza algunha indicación sobre a súa posición política práctica na última década da súa vida, na etapa do novo réxime democrático, da «restauración monárquica», como a denominaba:

Eu estaba decidido a non desempeñar nengun cargo político, decisión que tomara havia muito tempo e na que perduro. Fóra dos anos da miña mocidade, a miña vocazón foi nula nesas aspectos. Desde logo, gosto de meditar sobre a política e mesmo escribin un drama político e até poemas políticos. Mas para a práctica política non teño temperamento nen disciplina. Considero-me un home mui disciplinado, mas a disciplina política non é a disciplina da que me considero posuidor. A disciplina política supón unha actitude que naturalmente rexeito (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 199).

Dentro da súa prudencia e o seu aparente escepticismo, o Carvalho dos últimos anos non agachaba as súas simpatías polo nacionalismo existente, malia a difícil e conflitiva situación que, en particular, viviu o BNG entre 1982, data da súa fundación, e 1989, data na que comeza a superar un momento crítico. Lembremos que, a fins do 82, foran expulsos os deputados do Bloque-PSG por negárense a prestar xuramento de fidelidade á Constitución española de forma retroactiva, a primeira vez que se aplicou esta fórmula nun Parlamento autonómico. Evoquemos como e con que intencións, precisamente cos deputados nacionalistas expulsados, se trouxeron os

restos mortais de Castelao en 1984 e a conflictividade resultante. Verbo da primeira cuestión, a opinión de Carvalho era a seguinte:

Entón, parece-me que non ten sentido exixir de ninguén unha promesa litúrxica de acatamento a unha norma que, pola súa propia natureza, debe estar garantida pola correspondente sanzón. É un residuo dunha concepción sacralizada do dereito o que pode conducir a manter esa exixencia de promesa ou xuramento de acatamento á Constituición. Nen obriga a ninguén a Constituición a acatá-la na súa totalidade, no sentido de que a mesma Constituición admite a posibilidade de ser reformada, o que significa que se pode discrepar das súas liñas, en xeral ou en particular, nen ten nengun valor real unha promesa ou xuramento exixido coactivamente [...].

De xeito que considero mui erróneo exixir de ninguén unha formal promesa que practicamente non ten valor moral de obriga a acatar dispoñición algunha [...]. Trátase aquí mais ben de diferencias de opinión, e, como digo, parece-me que é unha actitude que na sociedade desacralizada actual presenta residuos de teocracia (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 234).

A traída dos restos mortais de Castelao mereceu unha reflexión que transloce unha evidente carga crítica coa forma de proceder do goberno galego, tristeza polos acontecementos e ironía retranqueira contra os que pretenderon tamén entón marxinalo. Paga a pena sermos extensivos:

[...] parece que existen algúns membros da coalición que goberna que entenden lícito e mesmo conveniente negarse a admitir que a disdénia, a oposición, é, en toda democracia, necesaria

[...] estimo que, en todo caso, non se deveu tragar a Castelao a Galiza, non se deveu tragar o cadáver de Castelao a Santo Domingo sen que antes se chegase a unha fórmula de concórdia que evitase o espectáculo que se desenvolveu naquel triste día.

Eu non estiven presente; permita-se-me unha humilde referencia a circunstancias persoais. Como vello amigo de Castelao, honrou-se-me cunha invitación persoal ao acto. Mas eu tiven noticia de que alguén, que se creía dalgún xeito autorizado para determinar a oportunidade dese tipo de invitacións, puxo dificultades, a que se me outorgase a min unha delas, alegando as miñas opinións a propósito do que realmente é ou debe ser o galego. Nunha palabra, apresetou-se-me como anti-galeguista, do punto de vista idiomático [...]. A persoa ou persoas en cuestión, que, indubidablemente, estaban mui mal informadas, ou perversamente informadas, sen dúbida me confundían co propio Castelao, porque foi Castelao o que dixo paladinamente que desexava que o galego confluí-se co portugués até confundir-se con el. Eu nunca me expresei en termos tan taxativos, de xeito que a quen se lle devían poñer dificultades para estar presente naquel acto era ao propio Castelao; deveu-se excomulgar a Castelao en nome de Castelao, e non cabían eses recios respecto da miña persoa. De xeito que eu non estiven presente non so-

mente por este feito, senón porque ademais eu acahava-me entón no Norte da provincia de Lugo e a miña tensión arterial debe ser cuidada, e estimava que podía ser fortemente alterada polos sucesos que se podían desenvolver naquela xornada (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 236-237).

Foi o mundo do reintegracionismo e o mundo do nacionalismo quen arroupou e quen agradeceu e admirou o maxisterio e a honestidade do mestre, nestes dez últimos anos da súa vida, disposto sempre a participar intelectualmente na batalla cultural e lingüística. En palabras de Sindo Villarmayor (1996: 1046):

Destes ámbitos parten moitas das distincións en recoñecemento do labor de Ricardo Carvalho Calero: Membro de Honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega (1980), Membro da Academia de Ciencias de Lisboa (1981), "Homenaxe Nacional a Carvalho Calero" (1982), organizada pola Sociedade Cultural Medulio de Ferrol, Fillo Predilecto da Cidade de Ferrol (1989), etc.

Cando Carvalho morreu en marzo de 1990, fun interrogado pola Radio Galega sobre a súa forma de pensar. Defínino como nacionalista galego, non sabía moi ben que palabra empregar para especificar máis a súa ideoloxía. Coido que debín de engadir a expresión, tan pouco afortunada, de liberal, ou progresista non anticomunista. Curiosamente a seguir Fernández del Riego cualificouno de «marxista», non matizou se falaba da súa mocidade ou non. Fiquei sorprendido, como se me dese a impresión dun exceso, de falta de ponderación a mantenta. Sen dúbida non era antimarxista, sen dúbida na posibilidade de rectificar a historia incluía a rectificación do capitalismo. Analizando as correntes políticas de posguerra na Galiza e a forma de orientar o futuro propugnada por distintos sectores do galeguismo, ao se referir á UPG. e ao PSG. valora:

Estas outras forzas, situadas mais á esquerda e de obediencia marxista, pero non suxeitas ao maxisterio da central comunista rusa que até entón, en xeral, monopolizara a forza dentro das organizacións deste tipo, actuaron desde o primeiro momento. A súa actuazón, claro está, non tivo unha transcendencia efectiva grande, como non a tiveron os conciliábulos e as actividades destas outras forzas mais situadas cara ao centro ou cara a dereita, mas si, produciron unha axitazón que naturalmente puxo de manifesto, fixo afloracer á superficie os problemas reais (Fenán-Vello & Pillado Mayor 1986: 166).

Era un nacionalista, un autodeterminista, estaba no ronsel de Castelao e de Otero, e sen dogmatismos, desde o seu escepticismo defensivo, acreditaba na posibilidade de rectificar a historia e mudar a sociedade por medio da acción política, dando solución aos problemas reais que atinxen á maioría. Non era un elitista, malia o seu espírito universitario. Actuaba sen complexos e sen prexuízos. Sentín a súa comprensión e entusiasmo perante a miña investigación que callou na presentación da

primeira tese de doutoramento sobre a obra de Rosalía de Castro na Universidade de Compostela en xaneiro de 1988, época especialmente conflictiva para min. Foi o presidente do Tribunal que a xulgou. Sempre lembrarei con agradecemento o seu rostro e a súa actitude, as súas palabras enfiadas por unha emoción contida, naquel acto público. Esperaba contra toda desesperanza e considerábase formando parte dun esforzo colectivo patriótico, ao que foi fiel até a morte.

Referencias bibliográficas

Carballo Calero, R. (1931): *Vieiros* (A Coruña: Nós).

Carballo Calero, R. (1975) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Fernán-Vello, M. A & Pillado Mayor, F. (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Rodríguez Sánchez, F. (1991): «Xa somos esquerda», *Especial A Nosa Terra* 13 (Vigo: A Nosa Terra).

Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e silencio (entrevista con R. Carvalho Calero)* (Vilaboia – Pontevedra: Edicións do Cumio).

Villamayor, S. (1996): «O silencio interior (1940-1950)», *Historia da literatura galega* 4, 1025-1056 (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega & A Nosa Terra).